



## Concello de Sarria

---

### **PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA A PROVISION, DUNHA PRAZA DE DINAMIZADOR DA CASA DA CULTURA CON CARÁCTER DE FUNCIONARIO INTERINO PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (Art. 10. 1.c) DO TREBEP), ASÍ COMO A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA”**

#### **1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.**

Na Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as 09:00 horas do día 11 de Decembro de 2018, constitúese o tribunal cualificador encargado de avaliar as probas selectivas de referencia, todo elo de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria que foron aprobadas por resolución da alcaldía nº 849/2018, de 13 de novembro do 2.018.

O tribunal quedou constituído polos seguintes membros:

#### **PRESIDENTE:**

Titular: Don Sergio Castiñeira López, Técnico de Xestión da Sección de Informática do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Arias Lombardero, Técnico de Xestión da Sección de innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

#### **VOGAIS:**

Titular: Dona Aurelia Balseiro García, Directora do Museo Provincial da Rede Museística da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona M<sup>a</sup> del Rosario Fernández González, Responsable Coordinadora de Etnografía e Artes Decorativas do Museo Provincial da Rede Museística da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Mercedes Lamela López, Xefa de Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Lourdes Varela Castiñeira, Xefa da Unidade de Xestión Administrativa de Subvencións e Programas do Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Titular: Don Santiago Rodríguez Tuñas, Administrativo do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona M<sup>a</sup> Cristina Vázquez Pita, Administrativa do Negociado de Tesourería da Deputación de Lugo.

#### **SECRETARIO:**

Titular: Emilio Casal Fernandez, que actuará con voz pero sen voto.

Suplente: Rodrigo Arias Iglesias.

---

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

---

### **2.- PUBLICACIÓN DO CALENDARIO DE EXAMES:**

En orde ao desenvolvemento do proceso selectivo, o tribunal , en uso das facultades previstas na Resolución da Alcaldía nº 914/2018, do 5 de Decembro, acordou que tódalas probas se realicen na mesma data e de acordo co seguinte calendario de exames:

#### **Primeiro exercicio da fase de oposición (art. 6.1 das bases da convocatoria):**

A dita proba realizarase o próximo **venres día 14 de Decembro do 2.018, ás 10:00 horas**, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

#### **Segundo exercicio da fase de oposición (art. 6.1 das bases da convocatoria):**

A proba realizarase a continuación da realización e corrección do primeiro exercicio, **o mesmo día 14 de Decembro do 2.018, a partires das 12:00 horas** á, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

En orde á realización desta proba, o tribunal acorda que este exercicio terá que ser lido polos opositores/as en sesión pública ante o tribunal cualificador. A data e a hora da lectura dos exercicios. **A lectura dos exercicios realizarase a partires das 16:00 horas**, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

#### **Terceiro exercicio da fase de oposición (art. 6.1) das bases da convocatoria):**

A proba realizarase a continuación da realización e corrección do segundo exercicio, **o mesmo día 14 de Decembro do 2.018, a partires das 17:00 horas** , no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

### **3.- PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CONVOCATORIA DE EXAME.**

Os participantes no proceso selectivo quedan emprazados para o próximo venres día 14 de Decembro do 2.018, ás 10:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria, para o obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

O exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. A relación de aprobados publicarase no salón de sesións o mesmo día 14 de Decembro do 2.018, ás 12:00 horas , todo elo coa finalidade de convocar aos candidatos aprobados para a realización do segundo exame da fase de oposición, acto que terá lugar a partires das 12:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.



## **Concello de Sarria**

---

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Asdo.: Emilio Casal Fernández.